

NOTICIA EMBARGADA ATA AS
20:30 HORAS DE HOXE VENRES
13 DE MARZO DE 2015

alvarellos
EDITORA

Dobre Premio da Edición de Galicia para Alvarellos Editora

Alvarellos Editora foi recoñecida hoxe en Pontevedra con dous premios Ánxel Casal da Asociación Galega de Editores. A Colección Rescate resultou elixida como Mellor Iniciativa Editorial de 2014, e a tradución ao galego de Darío Xohán Cabana do texto medieval “As floriñas”, como Mellor Tradución do ano.



A Colección Rescate, que este ano cumpre unha década e 19 volumes publicados.

Santiago de Compostela, venres 13 de marzo de 2015.- Alvarellos Editora foi recoñecida hoxe, na Gala da Edición celebrada no Pazo da Cultura de Pontevedra, con dous Premios da Edición de Galicia. Por unha banda, a Colección Rescate de clásicos da cultura galega alzouse co Premio Rosalía de Castro á Iniciativa Editorial do Ano 2014. Así mesmo, a tradución que realizou Darío Xohán Cabana do texto medieval *As floriñas* conseguiu o Premio Lois Tobío á Tradución do Ano 2014.

A Colección Rescate cumpre este ano unha década. Iniciouse a comezos de 2005 coa recuperación de textos gastronómicos e de viaxes de Álvaro Cunqueiro. Ata hoxe foron 19 volumes os publicados, e a Colección

NOTICIA EMBARGADA ATA AS
20:30 HORAS DE HOXE VENRES
13 DE MARZO DE 2015

alvarellos
EDITORA

consolidouse como unha iniciativa editorial de calidade, centrada na recuperación de textos esquecidos, inéditos ou dispersos de grandes autores e autoras da nosa cultura: Cunqueiro, Urbano Lugrís, Leandro Carré, Uxío Novoneyra, Valentín Paz-Andrade ou Neira de Mosquera foron algúns dos nomes rescatados.


En 2014 viron a luz a poesía completa de Aurelio Aguirre (que inclúe máis de oitenta poemas inéditos), e o esquecido ensaio de Emilia Pardo Bazán sobre San Francisco de Asís e a Europa do século XIII. Os dous coeditados co Consorcio de Santiago.

Os volumes da Colección Rescate son preparados como “libro obxecto”, encadernados en capa dura e cun deseño e acabado moi coidados. Todos inclúen estudos a cargo de especialistas nos respectivos autores rescatados.

AS FLORIÑAS DE DARÍO XOHÁN CABANA

Darío Xohán Cabana, tradutor ao galego de Dante e Petrarca, verteu tamén á nosa lingua, dende o italiano medieval, o texto anónimo de mediados do século XIII titulado *As floriñas*, publicado por Alvarellos Editora en coedición coa Xunta de Galicia nun coidado volume ilustrado por Darío Basso. Esta obra narra a vida e milagres do fundador da Orde franciscana e refírese, por vez primeira, á viaxe que San Francisco emprendeu a Santiago.

A soberbia tradución de Xoán Cabana mereceu o premio da edición á Mellor Tradución do Ano.



Para contactar coa Editorial:
prensa@alvarellos.info | 609 90 88 52